




FINALIDADE
(TIPO DE ACTIVIDADE)
Facer debuxos.


DURACIÓN
50´


MATERIAIS
Ficha anexa 1 (marco
para facer debuxos:
1 por nena ou neno).

Folios.
Lapiseiros.
Pinturas.


OBXECTIVO
Reflexionar sobre
que condiciona as
posibilidades de ocio e
cultura entre a poboación
infantil e adolescente e
nas contornas onde se
desenvolve a súa vida e
proponer solucións.

“DEBUXANDO OCIO”

DESENVOLVEMENTO

1º. Faise unha choiva de ideas sobre como gozan as nenas e nenos do seu ocio e tempo libre, que actividades fan e a que lugares van. E se anotan nun sitio visible.

- Algunhas ideas son: ir ó parque a xogar nas randeiras, ir ó cine ou ó teatro, practicar fútbol, ir a natación, ir a clases de guitarra, visitar unha exposición, xogar a videoxogos, ler libros, etc.

O grupo pode dar unha volta pola zona para ver que espazos de ocio e de actividades culturais hai na contorna para ter máis ideas e para detectar se na súa contorna hai máis ou menos oferta.

2º. Cada persoa elixe unha das ideas dadas e fai un debuxo representando a unha nena ou neno gozando desta actividade.

Pódense facer grupos para que teñan que debater e se teñan que poñer de acordo para debuxalo.

- Algunhas ideas son: debuxo dunha nena ou neno pasando o verán, debuxo dunha nena ou dun neno indo ó teatro, debuxo dunha nena ou dun neno xogando, etc.

Despois, póñense en común e cada persoa debe dicir se debuxou a unha nena ou neno en situación de pobreza e dependendo da resposta faise unha destas 2 preguntas:

- Se dixeron que si (debuxaron a unha nena ou neno en situación de pobreza): que cousas debuxaron para a/o representar?
- Se dixeron que non: como sería ese debuxo se esa nena ou neno estivera en situación de pobreza?

O resto do grupo pode contestar a esas preguntas, inda que non fixeran o debuxo.

3º. Lese o artigo 31 da [Convención sobre os Dereitos do Neno](#) sobre o dereito ó ocio, ó xogo e as actividades culturais entre todo o grupo e se valora se os espazos/ actividades que debuxaron se axustan ó que nomea a CDN como dereito.

- Art. 31 CDN. “1. Os Estados Partes recoñecen o dereito do neno ó descanso e á recreación, ó xogo e ás actividades recreativas propias da súa idade e a participar libremente na vida cultural e nas artes”. “2. Os Estados Partes respectarán e promoverán o dereito do neno a participar plenamente na vida cultural e artística e propiciarán oportunidades axeitadas, en condicións de igualdade, de participar na vida cultural, artística, recreativa e de recreación.

Ligazón a [versión adaptada da CDN](#) para nenas e nenos de 6 a 8 anos. ([versión pdf](#)).

4º. Tendo en conta este dereito e o que representaron nos debuxos, entre todo o grupo vanse dando solucións/ propostas a cada unha das representacións de pobreza que se dixeron dos debuxos. Recóllense as ideas para podelas embocar no formulario de conclusións.

Pódense face-las propostas de debuxo en debuxo segundo se vaian contando ou ben esperar a presentar tódolos debuxos e facer propostas comúns a todos.



“DEBUXANDO OCIO”

PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

Que viches/que sabes (observación)

- As actividades de ocio e cultura que fan as nenas e nenos dependen dos cartos que teña a súa familia ou o lugar onde vivan? Como?
- Sabedes se as zonas onde se xoga nos lugares onde hai situacións de pobreza son diferentes ós de outras zonas? En que se diferencian de outras?
- Que sitios para xogar e actividades culturais teñen as nenas e nenos máis vulnerables?

Que pensas (opinión)

- Pensades que algunhas nenas e nenos teñen máis espazos de xogo e máis posibilidades de ir a actividades culturais? Cal credes que é a razón de que isto ocorra?
- Credes que ás nenas e ós nenos lles inflúe o xeito de gozar do xogo e da cultura cando están en situación de pobreza?
- Como afecta na vida das nenas e nenos non ter espazos para xogar e actividades culturais ás que ir?

Que propós (propostas)

- Que se debería facer para que tódalas nenas e nenos teñan as mesmas posibilidades de ter zonas de xogo e actividades culturais por igual?
- Como se podería conseguir que as nenas e nenos con menos posibilidades poidan gozar de espazos de xogo e actividades culturais?
- Quen debería de se encargarse de que tódalas nenas e nenos teñan as mesmas posibilidades de gozar do xogo e da cultura? Como?

SUXESTIÓNS PARA ADAPTAR A ACTIVIDADE

Pódense face-los debuxos de xeito individual, en pequenos grupos ou todo o grupo á vez nun gran mural coma nunha gran escena.

LIGAZÓN AO FORMULARIO ENVORCADO DE CONCLUSIÓNS

6 A 8
ANOS



Ocio e
cultura

6 A 8
ANOS



Ocio e
cultura

ANEXO 1

Marco
para facer
debuxos

